

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Domingo García-Sabell do 20/10/1954

Colección:

Data: 20/10/1954

De:

Luís Seoane;

Para:

Domingo García-Sabell;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Temáticas:

Lonxe; Artes; Artes visuais; Emigración; Literatura; Migracións;

Mencionados:

Francisco Fernández del Riego; Ramón Piñeiro; Juan Rof Carballo; Maruxa Seoane; Elena Tormo; Lorenzo Varela;

Transcrición da epistola de Luís Seoane, a Domingo García-Sabell do 20/10/1954

Buenos Aires, 20 de outubro de 1954

Sr. D.

Domingo García Sabell
Santiago de Compostela.

Querido Domingo:

Recibín a túa carta coa ledicia que podes supor. Facía moito tempo que non tiña noticias dereitas tuas e soio por Del Riego soupen de tí, coma de todos, aqueles en quenes penso decote neste esfollar saudades que é a emigración. Paco falounos longamente de amigos, e coma ocorríu no ano pasado contigo, moitas preguntas

asoballábanse nos beizos máis todas tiveron a resposta axeitada. Tí sabes coma vivimos laceirados pol-a lonxanía sen máis conforto que o voso recordo. Calquer noticia vosa é pra nós unha volta á terra. Eiquí lembrámonos dos días que estivéchedes nesta, dos teus éisitos, do novo retorno a ela ao sesgo das tuas verbas. Foron días que non esqueceremos endexamais e que aínda pasando o tempo latexan connosco. Conténtame fondamente que vos tivese gostado o meu novo álbum cas estampas en córes, que a Piñeiro e a tí vou a remitirvos na primeira oportunidade que teña por algunha persona que vaia a isa; en canto ao prezo prégovos non faledes. Por correo é difícil de remesar por tratarse de estampas en follas soltas. De calquer maneira farei o posíbel pra que o teñades pra miña ledicia o mais pronto. Tamén estou satisfeito de que vos houbese gostado o libro de Varela. A mín parécenme os seus poemas dos millores que se levan publicados na nosa língoa nos derradeiros anos. Agardo impaciente as vosas notas sobor deste libro e quixera que vos fixésedes eco díl na prensa de ahí, que non deixásedes sair en silencio ista obra feita por él cun agarimo alumeado. El estima moito o teu xuicio e o de Piñeiro, cuia amizade de mozo non esquece e do que se lembra a cotío. Prégovos fagades o que poidades por este libro, porque é xusto e porque está feito con namoro e xenreira que é, coma o meu xuicio, se fan as millores obras de arte, pol-o menos as millores obras de arte galego.

Estou desexando ver a monografía que escribiches sobor da miña obra. Xa teño encarregado os grabados i-espéro remesar as láminas en cór denantes dun mes. Estou goioso e satisfeito de que salla esa monografía; paréceme un xeito de ficar, aínda que non poida voltar pra sempre, en Galicia, e teño que agradecercho somentes a tí. Sinto que pouco a pouco a miña obra pensada na terra vaia quedando contra a miña vontade, nesta. Salvareina pra Galicia, si ela val, por tí. Estou seguro que o texto ten de ser espléndido i-estou desexando léelo, mandareiche fotos dos novos cadros pra que coa seleición das que tés fagades os grabados. Quixéra si é posíbel poñer ao pé delas, co tído, os nomes dos propietarios dos cadros, cicáis poda facelo si me remesades as probas das reproducións que teñen de ir.

A aituación de Paco foi espléndida, todos quedamos coma no caso teu o ano pasado, satisfeito da sua laboura. Tamén o foi a de Rof Carballo, sobor todo no ambiente médico. Con él falei moito, xa, supoño, te falará de todo o que pasou co gallo do seu viaxe. Deixou unha grande impresión.

Mandade colaboracións pra Galicia Emigrante, percísoas, e ese traballo sobre Lonxe que me anuncias. Sobor todo, escribe, aínda que sexa[n] unha[s] liñas mais a miudo. Recibe de Maruja e meus os nosos agarimos pra Elena e pra tí, e a grande e forte aperta ao sesgo de total-as distancias de:

Seoane.

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.